

ENVIAR O FICHEIRO DUNHA TAREFA

Hai tarefas no Edixgal que consisten en que lle envíes á profe un ficheiro co traballo que realizaches. O ficheiro pode ser: un documento de texto, unha presentación de diapositivas, unha imaxe, un son...

As tarefas móstranse coa icona , independentemente de que sexan tarefas en liña ou tarefas de envío de ficheiros.

Os pasos que tes que seguir para enviar unha tarefa unha vez que a teñas rematada e gardada no ficheiro son os seguintes:

1. Vai ao o curso onde se atopa a tarefa que vas a entregar.



No exemplo a tarefa é "Práctica xournal"

2. Pica sobre o nome da tarefa que vas a entregar. Tras facelo e amosarase a información sobre a mesma e o estado no que se atopa.

Estado da entrega


Estado da entrega	Non entregado
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Última modificación	-
Comentarios do envío	 Comentarios (0)

Engadir entrega

Vostede aínda non fixo ningunha entrega

3. Pica no botón "Engadir entrega" e na seguinte pantalla arrastra o ficheiro da túa tarefa e sóltalo dentro do cadro (xunto a frecha azul).

ENVIAR O FICHEIRO DUNHA TAREFA NO EDIXGAL



A forma máis sinxela para realizar o arrastre é traballar con dúas xanelas na pantalla do ordenador: unha na que se amose o Edixgal e outra na que se amose o cartafol onde se atopa o ficheiro coa tarefa.

É moi importante que o ficheiro que vas a enviar estea gardado e que non estea aberto nun programa. Por exemplo, se vas a enviar un documento de texto, non podes ter o documento aberto no procesador de textos (word, write...), debes gardalo e pechar o procesador antes de arrastralo.

4. Espera mentres carga o ficheiro. Cando estea cargado amosarse dentro do cadro.

Dependendo do tipo de ficheiro amosarase de distintas formas:

Documento de texto  Folla de cálculo  Documento PDF 


Presentación de diapositivas  Vídeo  Audio 

Imaxe  ou miniatura de imaxe subida (coma no exemplo)

5. Pica no botón “Gardar os cambios”.

ENVIAR O FICHEIRO DUNHA TAREFA NO EDIXGAL

Entregas de ficheiros Tamaño máximo para os novos ficheiros: 20MB, número máximo de ficheiros anexos: 1



6. Na seguinte pantalla amósase a información sobre o estado da entrega. Segundo como configurará a entrega a profe pode poñer dúas cousas:

Opción 1. Estado da tarefa: "Entregado para cualificacións". Neste caso a túa tarefa xa está entregada.

Estado da entrega

Estado da entrega	Entregado para cualificacións
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Data límite	Mércores, 14 de Outubro do 2020, 00:00
Tempo restante	2 días 6 horas
Última modificación	Domingo, 11 de Outubro do 2020, 17:09

Entregas de ficheiros

 Traballo xournal.pdf

Comentarios do envío

 Comentarios (0)

Editar o meu envío

Realizar cambios na entrega

ENVIAR O FICHEIRO DUNHA TAREFA NO EDIXGAL

O botón “Editar o meu envío” permite subir de novo o ficheiro substituíndo ao anterior.

No momento que a profe cualifique a tarefa pode bloquear que subas de novo o ficheiro polo que non se amosará o botón.

Opción 2. Estado da tarefa: “Versión preliminar (non entregada)”

Estado da entrega

Estado da entrega	Versión preliminar (non entregada)
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Data límite	Mércores, 14 de Outubro do 2020, 00:00
Tempo restante	3 días
Última modificación	Sábado, 10 de Outubro do 2020, 22:18
Entregas de ficheiros	 Traballo xournal.pdf
Comentarios do envío	+ Comentarios (0)

Editar o meu envío

Realizar cambios na entrega

Entregar tarefa

Unha vez que se entregou a tarefa non poderá facer máis cambios.

Neste caso a tarefa aínda non está entregada e podes facer cambios nela utilizando o botón “Editar o meu envío”.

Para enviala e que a profe poida cualificala debes picar sobre o botón “Entregar tarefa”, ten en conta que unha vez que piques nel non poderás facer cambios na tarefa.

ENVIAR O FICHEIRO DUNHA TAREFA NO EDIXGAL

Tes que confirmar que queres enviar a tarefa picando en “Continuar”

Confirmar entrega

Confirma que quere entregar o seu traballo para cualificación? Non poderá facerlle máis cambios.



Continuar Cancelar